



Concerto de música relixiosa

**BANDA MUNICIPAL
DE
RIBADEO**

1994

**Sábado, 12 de Marzo - as 20,30 h.
Teatro Pastor Díaz - Viveiro**

(ENTRADA LIBRE)

CAIXA GALICIA

AREA DE CULTURA

CAIXA GALICIA

AREA DE CULTURA

A Banda Municipal de Ribadeo fixo o seu concerto de presentación o 25 de Xaneiro de 1992. A Banda municipal ribadense naceu concebida como Banda de Concertos moderna, como servizo público e produto cultural, e non como elemento de acompañamento incidental. Daí os seus programas, que, sen renunciar ao mellor do repertorio bandístico tradicional, baséase fundamentalmente na nova música para Banda e nas transcripcions de obras sinfónicas.

Ademais do novedoso enfoque desta formación, a súa participación nos Encontros Musicais da Tradição Europea que ser un recoñecemento explícito das Bandas de Música Popular Galegas como elementos sinalados da nosa cultura musical tradicional.

En primeiro lugar porque na Galiza estes colectivos culturais, en contraste co sucedido noutros países de tradición bandística, seguen constituídos na súa case totalidade por afezoados cualificados, cando nos outros citados países son xa moitos os conxuntos profesionalizados ou semi-profesionalizados. Ademais no noso País é frecuente que, como en Ribadeo, xunto aos concellos, sexan asociacións culturais de base, como "Amadores da Música", ás que promovan e sosteñan estas iniciativas.

En segundo lugar, porque alén desta explícita vocación popular nas formas, estas formacións musicais foron quen de recrear nos seus repertorios sons populares galegos e pezas de autor inspiradas en elementos melódicos e rítmicos da nosa música tradicional galega. Ademais, claro está, do seu labor didáctico e de divulgación musical.

Tras o seu concerto de presentación en Ribadeo, esta recentísima formación musical da Mariña Luguesa, ten ofrecido máis de 21 concertos en diversos ciclos e actos culturais desenvolvidos principalmente na súa comarca. Polo singular neste tipo de formacións, cabe destacar o programa anual de nove concertos que ofrece ao seu público habitual desde comezos de 1993.

Integrada por 40 músicos, baixo a dirección de Hernán Naval Parapar, do seu actual repertorio, que inclúe máis de meio cento de composicións, con rapsodias, baladas, paso-dobres, boleros, transcripcions para banda de páxinas sinfónicas, zarzuelas, marchas, mazurcas, vales, romanzas, nocturnos, obras didácticas, seleccións operísticas e de ritmos modernos (pop, jazz,...), adaptacións de bandas sonoras cinematográficas, novas composicións para banda... para o concerto que ofrecerá nos encontros Musicais da Tradição Europea, a Banda de Ribadeo seleccionou un programa especialmente concebido para a ocasión, que inclúe temas de compositores galegos inspirados nos nosos ritmos e melodías populares e tradicionais, algunha coñecidísima peza da música popular europea, unha mostra da nova música para banda e, para finalizar, unha breve páxina sinfónica. A introducción no Programa de elementos que non se poden calificar de tradicionais, sen embargo, teñen cabida nesta ocasión cando é un conxunto tradicional quen os interpreta e cando, ademais, expresa con claridade a orientación do grupo invitado.

O DIRECTOR

Hernán Naval Parapar. Nacido en Viveiro en 1962. É profesor titulado de Música nas especialidades de vento-metal e conxunto instrumental. Formou e dirixiu durante dous anos a Coral Polifónica de San Cibrán (Cervo). Foi profesor -até que formou e asumiu a dirección da Banda de Ribadeo- do Conservatorio de Música de Viveiro, e desenvolve, en paralelo, un activo labor de dinamización sócultural como colaborador de prensa e Presidente durante oito anos da Agrupación Cultural "Sementeira" de Viveiro.

PROGRAMA

I

Prelúdio coralWilly Hautvast

Marcha fúnebre da Sonata n.º 2, Op. 35
en Si bemol menorF. Chopin

Stabat Mater
(Introduc. e "Quando Corpus morietur").....J. B. Pergolesi
Solistas:
Rubén Solloso Irínia e Diego Riaño Méndez , Fliscornos

Adagio (*)T. Albinoni
(Arr.: W. Hautvast)

Port-Bou-Saraxevo (**).....Hernán Naval

II

Panis angelicusC. Franck
Cuarteto de metais:
Rubén solloso, Fliscorno
Victor M. Sanjurjo Río, Trompeta
Aurora Fernández Peña, Trombón
Beatriz Lombao Gómez, bombardino

Ave verum corpusW. A. Mozart

Música fúnebre masónica, KV 477W. A. Mozart

Tres espíritoais negros.....Arr. Ted Huggens
I. The crucifixión
II. Steal away
III. Sometimes I feel like a Motherless Child

Jesus Christ Superstar (Seleición).....Lloyd Webber
(Arr.: W. Hautvast)

Director: HERNÁN NAVAL

(*) Primeira vez pola Banda Municipal de Ribadeo.

(**) Estrea absoluta.